



CONCELLO DE CAMARIÑAS

1.- IDEOLOXÍA DA V CARREIRA PEDESTRE DE CAMARIÑAS domingo 13 de MARZO

A ideoloxía da V Carreira Pedestre de Camariñas é a mesma que a do Circuito de Carreiras Populares “*Correndo pola Costa da Morte*”, ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos (dende os 3 anos).

As posibilidades de participación son fundamentalmente dúas:

- **Corredores de carreiras:** son aqueles deportistas (adultos e menores de idade) que se inscriben nunha ou en varias das probas das que se compón o circuito pero que non participan na competición do circuito. Deberán facer unha inscrición por cada unha das probas nas que desexen participar. Nas categorías de adultos os corredores terán a posibilidade de inscribirse na proba 3K Contra o Cancro ou 10K.

Na proba 3K Contra o Cancro participarán en categoría absoluta independentemente da súa idade. A distancia desta proba poderá variar entre os 3.000 e os 4.000 metros en función do concello organizador.

Na proba 10K (categorías sénior, M40 e M50) a distancia poderá variar entre os 8.000 e 10.000 metros en función do concello organizador.

- **Corredores de circuito (3K Contra o Cancro e 10K):**son deportistas (adultos e menores de idade) que se inscriben co obxectivo de completar un mínimo de sete probas do circuito na modalidade de 3K Contra o Cancro ou 10K ou nas categorías base. Estes atletas entran na clasificación particular das probas nas que participan e tamén na clasificación xeral do circuito.

A inscrición dos adultos: Deberán facer unha única inscrición e correr obrigatoriamente con chip amarelo.

En categorías base as posibilidades de participación son fundamentalmente dúas:

- ✦ **Corredores de circuito (todas as categorías excepto Pitufu):** son os atletas que participan na liga.

- As inscricións para os corredores/as de circuito pecharanse antes da celebración da cuarta proba puntuable.

- Farase na Plataforma championchip www.championchipnorte.com. A **autorización paterna para todo o circuito** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais e chip **en cada unha das probas do circuito (o chip terán que devolvelo despois de cada carreira nos espazo habilitados pola organización de cada Concello)**.

- A autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com *ou nas páxinas web dos diferentes Concellos organizadores.*

- Teñen que asistir a un mínimo de sete carreiras do total do circuito para puntuar.

- ✦ **Corredores de carreira:**

Plataforma championchip www.championchipnorte.com A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com *ou na páxina web dos diferentes Concellos organizadores.*

Ademais deste xeito cada Concello pode indicar outros (Camariñas ver punto 7)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

2.- PROBAS do III Circuito Correndo Pola Costa da Morte

O circuito estará composto por un total de 10 probas. Comezará o día 13 de marzo de 2016 coa V Carreira Popular Concello de Camariñas, e rematará o 16 de outubro de 2016 coa III Carreira Popular Concello de Fisterra.

	CONCELLO	DATA	PROBA
1ª proba	Camariñas	13-03-2016	V Carreira Pedestre Concello de Camariñas
2ª proba	Vimianzo	24-04-2016	VI Carreira Pedestre Concello de Vimianzo
3ª proba	Mazaricos	08-05-2016	I Carreira Pedestre Concello de Mazaricos
4ª proba	Dumbría	28-05-2016	II Carreira Pedestre Concello de Dumbría
5ª proba	Zas	04-06-2016	III Carreira Pedestre Concello de Zas
6ª proba	Cee	25-06-2016	III Carreira Pedestre Concello de Cee
7ª proba	Muxía	10-07-2016	III Carreira Pedestre Concello de Muxía
8ª proba	Carnota	21-08-2016	XXV Carreira das Areas Concello de Carnota
9ª proba	Corcubión	17-09-2016	XV Carreira Pedestre Vila de Corcubión
10ª proba	Fisterra	16-10-2016	III Carreira Pedestre Concello de Fisterra



CONCELLO DE CAMARIÑAS

3.- CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS da V Carreira Pedestre Concello de Camariñas

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIAS	HORARIOS
Pitufo	Mixto	2010, 2009, 2011, 2012	150 – 500 m.	10'30h
Benxamín	Masculino	2008-2007	500 – 1.000 m.	10'15h
	Feminino			
Alevín	Masculino	2006-2005	500 – 1.000 m.	10h
	Feminino			
Infantil	Masculino	2004-2003	2.000 – 3.000 m.	10'45h
	Feminino			
Cadete	Masculino	2002-2001	2.000 – 3.000 m.	10'45h
	Feminino			
Xuvenil	Masculino	2000-1999	3.000 – 4.000 m.	10'45h
	Feminino			
Absoluta 3K Contra o Cancro	Masculino	1998 (incluído) e anteriores	3.000 – 4.000 m.	10'45h
	Feminino			
Sénior 10K	Masculino	1977-1998	8.000 – 10.000 m.	12H
120 Aniversario Faro Vilán	Feminino			
Veteranos M40	Masculino	1967-1976	8.000 – 10.000 m.	12H
	Feminino			
Veteranos M50	Masculino	1966 (incluído) e anteriores	8.000 – 10.000 m.	12H
	Feminino			

4.- PERCORRIDOS V Carreira Pedestre Concello de Camariñas

a) **Alevín: 2006-2005:** Hora de comezo 10h.

Percorrido: Avda da Coruña (Casa de Pedra), Cantón Miguel Feijoó, ambrosio Feijoó, Alcalde Noguera Patiño, baixada pola dársena vella, rotonda e Ambrosio Feijoó, Cantón Miguel Feijoó, Chegada en Avda da Coruña (Casa de Pedra). **1300 m aprox.**

<https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=zOgT-isOMw1E.kXH18GqbFaik>



CONCELLO DE CAMARIÑAS

- b) **Benxamíns: 2008-2007:** Hora de comezo 10´15h.
Percorrido: Avda da Coruña (Casa de Pedra), Cantón Miguel Feijoó, ambrosio Feijoó, rotonda e Ambrosio Feijoó, Cantón Miguel Feijoó, Chegada en Avda da Coruña (Casa de Pedra). **800m aprox.**
https://www.google.com/maps/d/edit?mid=zOgT-isOMw1E.kHnh_58hcB-E&usp=sharing
- c) **Pituf@s 2010, 2009, 2011, 2012:** Hora de comezo 10´30h.
Percorrido: Dende o San Remo ata meta. 150m aprox
https://www.google.com/maps/d/edit?mid=zOgT-isOMw1E.kVzHE_wpF8Hk&usp=sharing
- d) **Infantil (2004-2003), Cadete (2002-2001) Xuvenil (2000-1999) e Absolutos 3K Contra o Cancro 1998 e anteriores (incluído 1998),** é dicir, que cumpran 18 anos ou máis en 2016 ás 10´45h.
Percorrido: Avda da Coruña (Casa de Pedra)-Cantón Miguel Feijoo- subida da Dársena- Ramón Noguera- Estrada do Vilán- Avda Juan Carlos I-Cancela-Mourín - Virxen do Monte- Avda da Coruña- Avda da Coruña (Casa de Pedra).**30 minutos para rematar o percorrido.**
<https://www.google.com/maps/d/edit?mid=zOgT-isOMw1E.kBRJvMQZN5r4&usp=sharing>
- e) **Absoluta “120 Aniversario Faro Vilán” 10 Km APROX. ÁS 12H. Tempo máximo de remate da proba 1h e 20´.**
Percorrido: Saída dende o Faro Vilán, Estrada do Vilán, Cantón Miguel Feijoo, Avenida da Coruña, Virxen do Monte, Juan Carlos I, e de novo Estrada do Vilán Cantón Miguel Feijoo, Avenida da Coruña, Virxen do Monte, Juan Carlos I, Estrada do Vilán e a chegada a Cantón Miguel Feijoo.
<https://www.google.com/maps/d/edit?mid=zOgT-isOMw1E.kcNxR6rkL5xg&usp=sharing>
- F.1) Sénior: 1977-1998 (incluídos).
F.2) Veterán M40: 1967-1976 (incluídos)
F.3) Veterán M50: 1966 (incluído) e anteriores.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

5.- NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE do III Circuito de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte e particulares da V Carreira Pedestre Concello de Camariñas

1. Todas as probas incluídas no programa do circuito de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” rexeranse pola **regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
2. Cada proba estará subscrita ao **seguro de responsabilidade civil do Concello correspondente** neste caso do Concello de Camariñas. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.
3. Así mesmo todas as probas contarán cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.
4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente. Buscarase unha data axeitada para desenvolvela e non se devolverán os cartos da inscrición.
6. Os atletas que durante o transcurso da proba que circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía. **Pese a que a organización fará o máximo esforzo no control do tráfico rodado, indicamos aos participantes a posibilidade que nalgún punto podan coincidir cunha circulación mínima de vehículos. Solicitamos que se extreme a atención para mitigar posibles riscos.**
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
8. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A., RFEA e I.A.A. F. en vigor.
9. O Concello de Camariñas porá a disposición dos participantes na carreira o Pavillón Polideportivo de Camariñas para que se podan cambiar e duchar, así como un servizo de garda roupa. Na Casa de Pedra (lugar onde se recollerán os dorsais e chips, no angar de abaixo haberá servizo tamén de garda roupa.
10. O Concello de Camariñas porá a disposición dos atletas das probas 10K e 3K Contra o Cancro un servizo de masaxes para aqueles deportistas que o precisen.
11. O Concello de Camariñas porá a disposición dos atletas participantes un servizo de autobús que os desprazarán **á saída no Faro Vilán** para a carreira de 10k “120 Aniversario Faro Vilán”. Ditos buses estarán aparcados na Lonxa Vella (**sita no peirao**) e poderase acceder a eles amosando o dorsal da carreira. **A hora de saída dos buses está programada para as 11’15h.** Poderán acceder aos buses aqueles atletas que teñan marcado na inscrición da carreira que precisan dito servizo.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

12. Unha vez no Faro no suposto de precisalo haberá servizo de garda roupa, que despois de rematar a carreira poderán recoller no angar baixo da Casa de Pedra onde serán trasladada pola organización.
13. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
14. **@s participantes adultos participantes nas probas 10k e 3k Contra o Cancro** recibirán un agasallo cando recollan os seus dorsais e chips.
15. Haberá avituallamento final para todos os participante de todas as probas e un líquido intermedio na carreira 10k.
16. Haberá servizo de fisioterapia para os corredores/as da carreira 3K contra o cancro e 10k.
17. Descualificacións:
 - ✦ O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
 - ✦ Todo atleta que non realice o percorrido completo.
 - ✦ O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

6.- DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS para o III Circuito Correndo pola Costa da Morte

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os **deportistas menores** de idade deberá ir acompañada dunha **autorización paterna** segundo o modelo establecido pola organización. Dito modelo poderase descargar da páxina web do Concello de Camariñas así coma de www.championchipnorte.com.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- ✦ O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- ✦ Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- ✦ O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte.
- ✦ Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

7.- SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E RECOLLIDA DE DORSAIS na V Carreira Pedestre Concello de Camariñas e do III Circuito Correndo pola Costa da Morte

- ✦ Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip (deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas).
- ✦ Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías (facilitado pola organización), agás pitufo.
- ✦ Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).
- ✦ O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuito.
- ✦ O atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.
- ✦ O **horario de apertura das mesas** de recollida de dorsais será ás 8'30 da mañá nas oficinas administrativas da **Casa de Pedra en Camariñas (planta superior)**. Os dorsais e chips poderanse recoller ata 45 minutos antes do inicio da proba.
- ✦ Os **corredores de circuito 10K ou 3K Contra o Cancro** que participarán na liga deberán usar obrigatoriamente o **"chip amarelo"**. Do mesmo xeito empregarán un **único dorsal** para todas as probas de cada circuito.
 - Tanto o dorsal coma o chip (no caso de non posuílo) recollerase na primeira proba do circuito no lugar habilitado para tal efecto (oficinas administrativas da **Casa de Pedra en Camariñas**). A retirada de dorsal e chip deberá realizarse como mínimo con **45 minutos de antelación** ao inicio da carreira.
 - No caso da perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina de Championchip.
 - No caso da perda ou rotura do dorsal, poderá solicitar outro á organización. Non haberá posibilidade de solicitar un terceiro dorsal.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

- ✦ Os **corredores de carreira** e os corredores de categorías inferiores, **incluídos os corredores do circuito de base**, usarán o “**chip de carreira**”, que deberán **devolver** á organización **ao remate** da mesma.
 - Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira nas oficinas administrativas da **Casa de Pedra en Camariñas** ata 45 minutos antes do inicio da proba.
- ✦ Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionase coa expulsión do circuíto do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.

8.- INSCRICIÓN na V Carreira Pedestre Concello de Camariñas e no III Circuito de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte.

As inscricións para os atletas de categorías sénior e veteranos realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com data límite mércores 9 de marzo ás 24h.

As inscricións para os atletas menores de idade poderá realizarse a través da plataforma championchip, presentando un formulario de inscrición no departamento de deportes do concello organizador, ou no lugar indicado polo concello organizador a tal efecto.

Existen dous tipos de inscrición para atletas adultos:

- ✦ **Corredores de circuíto:** son os atletas que participan na liga.
 - Os atletas poderán participar no circuíto 10K, no 3K Contra o Cancro. Deberán especificalo no momento de realizar a inscrición.
 - Teñen que asistir a un mínimo de sete probas do total do circuíto.
 - Deben usar obrigatoriamente “chip amarelo” e usarán un dorsal único para todo o circuíto.
 - Realizarán a inscrición e o pago unha única vez.
 - As inscricións para os corredores de circuíto pecharanse antes da celebración da cuarta proba puntuable.
 - Os corredores/as do circuíto de 10K deben de indicar se participarán na proba de Camariñas e se precisan utilizar o bus para desprazarse á zona de saída ao Faro Vilán.
- ✦ **Corredores de carreira:** son atletas (adultos) que só participan de maneira puntual nalgunha das probas do circuíto.
 - OS CORREDORES DE CARREIRA PODERÁN INSCRIBIRSE NA PROBA 10K OU NA PROBA 3K CONTRA O CANCRO.
 - Non participan na liga.
 - Deberán realizar a inscrición para aquelas probas nas que queiran participar.
 - Deberán correr cun chip que se lles facilitará no momento da recollida do dorsal e que deberán devolver ao remate da proba.
 - Os corredores/as de carreira de 10K “120 Aniversario Faro Vilán” deben de indicar se precisan utilizar o bus para desprazarse á zona de saída ao Faro Vilán.

Cotas de inscrición:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

- ✦ A inscrición para os atletas adultos (sénior e veteranos) para unha proba determinada terá un custo de 5 € para aqueles corredores que posúan chip, e de 6 € para aqueles corredores que deban alugar o chip.
- ✦ A inscrición para os atletas adultos (sénior e veteranos) **para cada circuíto** terá un custo de 25€ para aqueles que teñan chip en propiedade, e de 35€ (25€ de inscrición + 10€ pola compra do “chip amarelo”) para aqueles que deban mercar o chip.
A participación no circuíto de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” permite aos atletas adquirir o “chip amarelo” en propiedade por un prezo reducido de 10€. Dito chip será válido para participar en calquera proba cronometrada por Championchip.

Existen dous tipos de inscrición para atletas de categoría base (As cales serán gratuítas)

- ✦ **Corredores de circuíto (todas as categorías excepto Pitufos):** son os atletas que participan na liga.
 - As inscricións para os corredores/as de circuíto pecharanse antes da celebración da cuarta proba puntuable.
 - Farase na Plataforma championchip (www.championchipnorte.com.) A **autorización paterna para todo o circuíto** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais en cada unha das probas do circuíto. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou na páxina do Concello de Camariñas www.camarinas.net.
 - Teñen que asistir a un mínimo de sete carreiras do total do circuíto.
- ✦ **Corredores de carreira:**

Data límite mércores 9 de marzo.

- 1) Plataforma championchip (www.championchipnorte.com.) A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou na páxina do Concello de Camariñas www.camarinas.net.
- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes do Concello de Camariñas ou entregándoa nas conserxerías dos Centros Educativos.

@s atletas de categoría Pitufos poderán facer a inscrición do seguinte xeito:

- 1) Plataforma championchip (www.championchipnorte.com.) A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com ou na páxina do Concello de Camariñas www.camarinas.net.
- 2) Enviando un email a fran.puga@camarinas.dicoruna.es coa autorización paterna cuberta e asinada. Á hora de recoller o dorsal deberán presentala impresa e asinada dita autorización paterna, poderá descargarse na páxina do Concello de Camariñas www.camarinas.net.
- 3) Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes do Concello de Camariñas ou entregándoa nas conserxerías dos Centros Educativos de Camariñas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

9- CARREIRA 3K CONTRA O CANCRO

Carreira 3K Contra o Cancro



Na 3ª edición do Circuito é que este ano a carreira 5K pasa a ser **3K** e seguiremos **colaborando coa Asociación Provincial Contra o Cancro**. Deste xeito todo o que se recade coas inscricións desta proba (agás o correspondente ao aluguer ou compra de chips) irá destinado a ese fin e será entregado a dita asociación cando remate do circuito, na gala de entrega de trofeos.

Así mesmo todas aquelas persoas que desexen colaborar coa Asociación Provincial contra o Cancro, sen participar en ningunha competición, poderán facelo inscribíndose no apartado **Fila 0** que aparecerá na web www.championchipnorte.com, dentro de cada unha das probas que compoñen o circuito.

10.- CALIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS NA V CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CAMARIÑAS

♦ Clasificacións da proba 10K “120 Aniversario Faro Vilán”:

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (sénior, M40 e M50), independentemente da súa condición de *corredores de carreira* ou de *corredores de circuito*.
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a **empadroad/a do Concello de Camariñas**.

♦ Clasificacións da proba 3K Contra o Cancro:

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas inscritos na proba **3K Contra o Cancro**.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría absoluta (os tres primeiros/as que entren na meta), independentemente da súa condición de *corredores de carreira* ou de *corredores de circuito*.

♦ Clasificacións das probas de base:

- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil).
- Ademais nas categorías pitufo, benxamín e alevín recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba.

♦ A entrega de trofeos das carreiras benxamín e alevín farase antes do comezo da carreira infantil, cadete, xuvenil e de adultos de **3K Contra o Cancro**, se o tempo o permite, no exterior e no suposto que non fose así no **salón de actos da Casa de Pedra**.

♦ A entrega de trofeos do resto de categorías farase, se o tempo o permite, no exterior e no suposto que non fose así no salón de actos da Casa de Pedra, **ao remate da proba**.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

11- CALIFICACIÓNS TROFEOS/PREMIOS ESPECIAIS CORREDORES/AS DE CIRCUITO DO IIICIRCUITO CORRENDO POLA COSTA DA MORTE

♦ Clasificacións do circuito 10K:

- Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuito 10K. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuito non optan a esta clasificación.
- Os atletas participantes no circuito deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios.
- No caso de correr máis de sete probas, o atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.
- A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos....de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.
- No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:
 - Número de probas rematadas.
 - Maior número de mellores postos.
 - Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).
- Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuito os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as das categorías sénior, M40 e M50.
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a local (empadroados nos concellos organizadores do circuito).
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a foráneo (atletas non empadroados nos concellos organizadores do circuito).

♦ Clasificacións do circuito 3K Contra o Cancro:

- Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuito 3K Contra o Cancro. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuito non optan a esta clasificación.
- Os atletas participantes no circuito deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios.
- No caso de correr máis de sete probas, o atleta puntuará cos mellores sete resultados acadados.
- A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos....de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.
- No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:
 - Número de probas rematadas.
 - Maior número de mellores postos.
 - Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).
- Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuito os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as da categoría absoluta.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

✦ Clasificacións do circuío de base:

- Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuío de cada categoría de base. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuío non optan a esta clasificación.
- Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuío os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.
- Os atletas participantes no circuío deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios.
- No caso de correr máis de sete probas, o atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.
- A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas na súa categoría (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos....de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.
- No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:
 - Número de probas rematadas.
 - Maior número de mellores postos.
 - Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).

✦ Premios especiais:

- Recibirán un **diploma conmemorativo** todos/as os/as **corredores/as de circuío** que **rematen todas as probas** do circuío na modalidade na que se inscribiron.
- Recibirán un **diploma conmemorativo** todos/as os/as **corredores/as de circuío de base** que **rematen todas as probas** do circuío na modalidade na que se inscribiron.

✦ Entrega de trofeos aos campións de circuío:

Unha vez rematadas as probas do *Circuío de Carreiras Populares "Correndo pola Costa da Morte"* organizarase un acto de entrega de trofeos/medallas a todos/as os/as tres primeiro atletas en cada unha das categorías, así como un acto de entrega dos premios especiais.

O lugar e data no que terá lugar dito acto de entrega será comunicado coa suficiente antelación.

O Concello de Camariñas, organizador desta carreira e parte do Circuío Correndo pola Costa da Morte aproveita a ocasión para agradecer a súa participación.